

Recomendación dirixida ao Concello de Boiro para que adopte as medidas necesarias para asegurar o interese lexítimo da persoa que promoveu este expediente e, tras os tramites procesuais oportunos, inicie a execución subsidiaria da limpeza e desbroce da parcela que é obxecto desta queixa.

Expediente: F.11.Q/9533/22

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2023

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D^a XXX.

ANTECEDENTES

O obxecto da súa queixa era a persistencia do propietario da parcela colindante coa súa, en Abanqueiro, no incumprimento das súas obrigas de mantela limpa e desbrozada.

Como consecuencia, o 09/12/2021, por esa Alcaldía resolveuse impoñerlle ao denunciado unha multa por importe de 300 € pola comisión dunha infracción leve tipificada no artigo 51.3 LPIF en relación co artigo 50.2.1.

Na mesma resolución se lle ordenaba que no prazo de quince (15) días naturais procedese ao desbroce da totalidade da parcela e a xestión da biomasa xerada na limpeza (tritución ou queima con autorización), advertíndolle que de non levarse a cabo o ordenado no prazo sinalado, a Alcaldía procedería a ordenar a execución subsidiaria á súa costa ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas que serían reiteradas por lapso de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, non superando a contía de cada unha das devanditas multas o 20% da multa fixada pola infracción cometida (art. 53 bis. LPIF).

Con data 17/10/2022 pola técnica de medio ambiente municipal infórmase que realizada visita de inspección confirmase a persistencia no incumprimento das obrigas en material de xestión da biomasa.

O informe da Administración municipal sinala que, de conformidade co disposto no artigo 53 bis LPIF, no suposto de incumprimento da resolución ordenando a limpeza da parcela a Alcaldía poderá acordar, sen prexuízo do recurso en último termo á execución subsidiaria a custa do infractor, á imposición de multas coercitivas reiteradas por lapso de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, non superando a contía de cada unha das devanditas multas o 20% da multa fixada pola infracción cometida.

Ante o acreditado incumprimento do ordenado nos termos e prazo fixado na resolución ditada, de data 09/12/2021, procedeu á imposición de multas coercitivas con tempo suficiente para cumprir coa obriga imposta do desbroce da totalidade da parcela e a xestión da biomasa xerada na limpeza (trituration ou queima con autorización).

Como consecuencia, vistos os preceptos legais de aplicación e á vista dos informes e das actuacións realizadas na instrución deste expediente, desde a Alcaldía de Boiro acordouse

PRIMEIRO.- Impoñer unha multa coercitiva ao propietario, por importe de 60 €, sen prexuízo de impoñer outras tantas sucesivas, con periodicidade mínima mensual, como medio de execución forzosa, ante o incumprimento da resolución do 09/12/2021 pola que se lle ordenou o desbroce da totalidade da parcela e a xestión da biomasa xerada na limpeza (trituration ou queima con autorización) ata que cumpra coa obriga imposta e sen prexuízo, ademais da posterior execución subsidiaria á súa costa.

A multa imposta debería satisfacerse, presentando para os efectos a carta de pago que se achega, en calquera das entidades colaboradoras que figuran na mesma.

Esta resolución puxo fin á vía administrativa, e dábase recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante esa Alcaldía, ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, de acordo cos criterios de competencia territorial fixados no artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, computándose os prazos para recorrer a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Esta resolución foi notificada ao interesado.

Non consta que o propietario procedese ao cumprimento das súas obrigas legais.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da administración, cómpre sinalar que, como se indica nel, o Concello de Boiro ten a facultade de realizar a execución subsidiaria das actuacións precisas para proceder a solución deste grave problema, repercutindo despois os gastos contra o titular da finca denunciada e, de non ser satisfeitos, acudir á vía de prema.

De acordo co establecido no art. 336 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de lei do solo de Galicia, sinalar que as ordes de execución son executivas dende o momento en que se ditan. No suposto de persistir o incumprimento da orde de execución, como parece ser o caso, a administración procederá a execución forzosa mediante execución subsidiaria o mediante imposición de multas coercitivas. Continua o citado artigo sinalando que a imposición de multas coercitivas se reiterara ata lograr a

completa execución do ordenado salvo que a administración competente, neste caso ese concello opte, en calquera momento pola execución subsidiaria.

Esta institución non ten sido informada polo Concello de Boiro da efectividade do ordenado ao propietario por mor das multas coercitivas, do que cabe deducir que a persoa que promoveu este expediente de queixa está a soportar prolongadamente unha situación prexudicial sen que a Administración ampare eficazmente os seus dereitos e intereses lexítimos.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte **recomendación:**

Que, de acordo co establecido no art. 336 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de lei do solo de Galicia, o Concello de Boiro adopte as medidas necesarias para asegurar o interese lexítimo da persoa que promoveu este expediente e, tras os tramites procesuais oportunos, inicie a execución subsidiaria da limpeza e desbroce da parcela que é obxecto desta queixa.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.



María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo